

José Manuel Cotos Yáñez



PROFESOR TITULAR

Bio

Son Profesor da Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1993, na área de Linguaxes e Sistemas Informáticos (Departamento de Electrónica e Computación). Actualmente formo parte do equipo de investigadores do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela (CITIUS), onde dirixo o grupo de investigación COGRADE (Gráficos por Computador e Enxeñaría de Datos). Entre as miñas liñas de investigación pódense citar a Adquisición de datos de sensores distribuídos, a súa integración con Sistemas de Información Xeográfica, a Teledetección, e o desenvolvemento de ferramentas baseadas en Intelixencia Artificial para a extracción, análise e clasificación da información contextual achegada polos devanditos sensores.

Entre os anos 2001 e 2003 fun secretario da titulación propia da Universidade de Santiago de Compostela «Graduado Superior en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións», e dende 2003 ata 2007 exercín como Subdirector Xeral de Innovación Empresarial na Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia.

Ademais, son socio fundador e administrador da spin-off Paralaxe, Multimedia and Virtual Systems S.L., unha empresa spin-off do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da Universidade de Santiago de Compostela que se dedica ao desenvolvemento de sistemas informáticos multimedia e de realidade virtual.

Participei en máis de 20 proxectos de investigación e en máis de 50 contratos con empresas e institucións, relacionados na súa meirande parte coa transferencia de tecnoloxía ao sector empresarial, e entre os anos 2009 e 2013 fun adxunto á presidencia dunha rede universitaria internacional que promove o emprendimento empresarial dende as universidades (RedEmprendia).

Na actualidade estou involucrado no desenvolvemento dunha plataforma software para a adquisición de datos, que será validada con datos do fogar dixital («SmartHome»), no marco dun proxecto Interconecta -convocatoria 2011-.

CONTACTO

E-mail:

manel.cotos@usc.es

Espazo:

Despacho 208

Teléfono:

+34 8818 16461

Identificadores de investigación:

ORCID

ResearcherID

Scopus Author ID

Redes sociais:

 Skype

PUBLICACIONES

Leveraging Bitmap Indexing for Subgraph Searching

22nd International Conference on Extending Database Technology (EDBT), 2019

Improving the working memory during early childhood education through the use of an interactive gesture game-based...

IEEE Access, 2018

Multimodal User Interaction for GIS Applications (MUI_GIS).

XIX International Conference on Human Computer Interaction, 2018

[Ver todas](#)

PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

TRAFair: Understanding Traffic Flows to Improve Air quality

Sistema automatizado de control do proceso de fabricación baseado en algoritmos de Machine Learning.

Nextchrom: Cromatografía virtual avanzada e xestión integral de datos analíticos e moleculares

[Ver todos](#)

OFERTA TECNOLÓXICA

SOS-SM: Mediación semántica de fontes de datos de sensores

Sistema de detección de hidrocarburos basado no análise de imaxes de radar de apertura sintética

SOFTWARE

SOS Semantic Mediation - SOS-SM: Mediación semántica de fontes de datos de sensores

PROGRAMAS CIENTÍFICOS

Computación avanzada

Procesamento aproximado

Aprendizaxe automática